

V CONCURSO DE MICRORRELATOS

RELATOS GANADORES



-emilia-
contesto eu orgullosa.



REAL
ACADEMIA
GALEGA



LAURA
ROMERO

Editan

Real Academia Galega e PuntoGal

Ilustracións

Laura Romero

Depósito legal

C 1078-2022

<https://doi.org/10.32766/rag.399>

Co apoio de



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



V CONCURSO DE MICRORRELATOS

RELATOS GANADORES

Unha lingua feita para nós

“A verdade é que o galego se fixo para min”. A confesión de Marina Cabrera Vives na temperá autoficción que se recolle nesta publicación contáxianos con humor a ledicia infantil do achado dun tesouro. Ela descubriu o noso idioma hai dous anos cando chegou a Galicia. E en tan pouco tempo é xa quen ata de crear literatura na lingua nai de adopción.

O galego é unha lingua feita para ela, para nós. Para todo un país que construímos día a día os galegos e galegas de nacemento e de acollida. Somos un pobo que quere contarlle ao mundo o que fai, o que sente, aquilo que a fai sorrir e chorar, as cousas que arela e o que é capaz de acadar. E facémolo con voz propia porque herdamos e gozamos dun idioma que nos permite mirar cara ao futuro sen esquecer o pasado. Porque a nosa é a lingua da xente moza que demostra que mantén os pés na terra e un ollar crítico, pero que non renuncia nunca á maxia de facer bailar o Universo.

Todo isto é o noso idioma. Todo isto somos nós. Todo isto pódese contar en menos de 200 palabras. Velaquí nove boas probas.

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

Manuel González González

Presidente de PuntoGal

O xurado

Os nove relatos gañadores recollidos nesta publicación resultaron gañadores do V Concurso de Microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal, ao que se presentaron máis de 900 historias de ata 200 palabras. Así o decidiron os dous xurados desta edición en senllas reunións celebradas o 26 de maio de 2022 na sede da Academia.

O xurado da categoría de adultos estivo composto polo presidente da Real Academia, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e tamén académico, Manuel González González; a académica correspondente Olivia González; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a xornalista e membro do comité de redacción de Luzes Marta Otero.

As historias que concorreron ás categorías xuvenil e infantil foron avaliadas pola académica de número Fina Casalderrey; o académico correspondente Ramón Nicolás; a secretaria de PuntoGal, Edita de Lorenzo; Cristina Ríos, membro do equipo da mesma entidade; e Santiago Romero Quintas, membro do comité de redacción de Luzes.



Antonio Cepeda Fandiño
Primeiro premio adultos

Aire libre

Aínda que lle dixeran que debía poñer a máscara por seguridade, mantiña os seus receos. No fin de contas sobraban causas posibles de morte e xa non aturaba ese trebello que non lle permitía respirar ben, moito menos téndose que mover ás présas. As persoas a carón del teimaban na idea de utilizala argumentando que, se non o quería facer polo seu ben, debería pensar nos que o agardaban na casa.

Non había maneira. Parecíalle esaxerado e, por que non dicilo, covarde. A humanidade da súa contorna susceptible de desaparecer por non usala chegaría, como moito, a un exíguo tres por cento. Moi pouco probable que lle tocase tal infortunio.

Así é que decidiu saír sen tapar a cara. Prefería asumir o perigo e experimentar un trisco de liberdade, aínda que fose por un pequeno instante e de xeito case simbólico.

Mal sabía el que aquela mesma noite de maio do 1915, mentres avanzaba desde a trincheira do outeiro 60 en Ypres, as tropas alemás sorprenderían canda os seus compañeiros contraatacando con gas.

Oliver Thomas, soldado á forza nunha guerra en terra estranxeira que nunca entendera, exhalou o espírito ao aire envelenado, coa máscara gardada na súa funda.




Antonio Cepeda Fandiño, 1967. Profesor e santiagués prexacobeo, transita abraiado polo século e séntese sabio, sen selo, por coñecer cal é o seu lugar no mundo.

Cronoloxías

Collín a bicicleta que estaba no portal, onde ficaba folgando cando non carretabamos peixe. Era a miña quenda. Só catro dos meus irmáns acadabamos estatura dabondo para usala, os demais non chegaban cos pés aos pedais. De pantalón curto, tiña a vantaxe de que os baixos non se enganchaban. Aparqueina entre a sebe de buxo e os rododendros. A miña muller encargoume ir polo pan, antes de que os fillos volvesen da escola. Ía rápido de máis o meu neto, polas curvas da pista litoral, e ría, mirando atrás. “Sen mans, mira!”, dicía. Amarreei o fillo no asento de seguridade, e púxenlle o casco. Gustaba de ir comigo, e aínda que xa lle compramos a súa, era pequeno para montar. As mans dela no meu van e o seu peito nas miñas costas facían da bicicleta un barco seguro e eu o capitán. Desta vez rubín a escaleira con ela ao lombo, porque dicía mamá que de noite non era bo deixala no portal, e quería que ficase dentro da casa.

A bicicleta acompañoume todas as etapas da miña vida. Mestúranseme nos recordos unhas con outras.

Aínda pedaleo, mais a cabeza vai e vén.



Xubilado, de Mugar dos, fun mariscador, leiteiro e colchoeiro, e despois, con quince anos, traballador do naval. Sen currículo literario, apenas publicacións societarias e nalgún xornal.

Herdanza

Estou farto de herdar os refugallos do meu irmán. Son as desvantaxes de ser o máis cativo. Os xoguetes, a roupa, os libros da escola... todo de segunda man, sen etiquetas, sen cheiro a novo.

Cando a Brais lle mercaron aquela bicicleta vermella, con luz dianteira e sela axustable, pregueille a Deus por unha igual. Ou polo menos para que non chegase ás miñas mans feita unha chatarra.

Hoxe miña nai díxome: “Aí tes a bicicleta”. E marchei percorrer as rúas, tocando o timbre, fachendoso, para que todos me visen. Pero a ledicia rematou cando volvíñ á casa. Levo toda a noite pedíndolle a Deus que quede coa bicicleta e me devolva o meu irmán. A ver se miña nai para de chorar.



Anabel Rodríguez Vázquez

Terceiro premio adultos

Anabel Rodríguez Vázquez, (Castro Caldelas, 1967). Peiteadora de profesión e afeccionada a lectura. Escribe relatos curtos no tempo libre. Gañou en dúas ocasións o concurso de microrrelatos do Consello Xeral da Avogacía Española e resultou finalista noutros.

Sen

Antía Novas Arribas
Primeiro premio xuvenil

— ...
— Un jogger negro. Unha camiseta polar amarela. Unha cazadora, tamén negra. Unhas zapatillas de correr. Unha mochila do ximnasio. Unha coleta medio desfeita. A suor do adestramento. O sorriso de quen tivo un bo día. As ganas de chegar á casa e cear coa familia. A ilusión pola viaxe cos amigos ao día seguinte. A incerteza de quen empeza unha nova etapa. A emoción pola mudanza e a nova universidade. O obxectivo de converterme en neuróloga. A expectativa da investigación científica. A curiosidade dunha moza da miña idade. A felicidade por estar viva. Todo iso levaba posto. Ata que el mo quitou.



Son Antía (2004). Como boa neta de libreiro, herdei o amor por ler e escribir da miña familia, mais gardo en min unha grande inclinación pola ciencia. Desfruto co deporte, a música e o origami.

Nacido con identidade propia

Era unha vez, nun tempo que podería ser agora e nun lugar que podía ser calquera monte galego, un vaidoso castiñeiro que presumía da calidade das súas castañas. Ao seu lado, no seu trono, o maxestoso carballo exhibía as súas douradas landras, mais era a camelia a encargada de iluminar os curtos días de inverno no luscofusco, coa súa cor.

Preto desta imponente reunión fitolóxica, un pequeno arbusto permanecía sen identidade a pesar de que os seus compañeiros o animaban a que os imitase; foi entón cando unha saramaganta, vendo a desesperación do espiñento vexetal, lle deu este consello:

— Cando me vexo en perigo, íspome, e mentres a miña cola atrae co seu movemento o inimigo, fuxo... Así ti, ceibe, serás ti mesmo!

Así foi como, día tras día, o arbusto gozou dos raios de sol e as pingas de choiva, arrolicándose, ata florecer cun amarelo intenso e unha luzada máxica, mentres o vento lle rumoreaba:

“Serás emprendedor, ante a devastación reboarás. Serás fermoso, todo o ano florecerás. Serás valente, coas túas espiñas defenderás. Serás afouteza, á raza galega representarás.”

Era o toxo, nacido con identidade propia.



Lucas González Pérez
Segundo premio xuvenil

Lucas (Ourense, 2005) descubriu nun taller da súa profe Alba que escribir é terapéutico. Entretenese xogando ao voleibol cos seus amigos e goza da ría de Noia co seu can Tucho.

Quen son?

Escuridade, unha profunda escuridade. Os meus ollos están pechados. As pálpebras pésanme. Non recoñezo a textura de absolutamente nada. A cabeza dáme voltas. O único que oio son múltiples voces que están ao meu arredor. Intento abrir os ollos, pero o meu cerebro non reacciona. Voces coñecidas. Familiares. Penso que afogo, cústame respirar. Intento pedir axuda, pero as cordas vocais non vibran. Non sei nin onde me atopo. Dubido de como me chamo. Dubido ata da miña existencia. E se en realidade non existo e só son o pensamento dunha persoa perdida? Se fose así recordaría o meu nome, ou non? E se só unha personaxe dunha novela que aínda non ten personalidade? E se aínda non nacín? E se pola contra, acabo de falecer? Polo amor querido, estou a punto de tolear. Sigo oíndo voces, todas elas dispersas.



Carlota Alcalde Lorenzo
Terceiro premio xuvenil

Nacín no 2006 en Noia. Sempre sentín atracción polas letras, pero dende hai uns anos sei que non é só un sentimento, senón unha parte fundamental do que son.

Elena Pastoriza Cortizo
Primeiro premio infantil

O gran baile

Comezaron a bailar e todos os planetas miráronse asombrados os uns aos outros. Entón, fixeron unha pirueta.



Son Elena, nacín o 8 de marzo de 2012 e vivo en Beluso (Bueu). Encántame xogar e ir á praia coas miñas amigas, ler, escoitar música e practicar balonmán.

Lingua adoptiva

— De quen é esta mochila? —pregunta molesta a profe logo de bater nunha mal colocada entre dúas mesas.


— É mía —contesto eu orgullosa de poder amosar o ben que me afixen á nova lingua.

A clase estoupa en gargalladas que me fan por un pouco colorada, aínda que sei que non se están a burlar de min, senón que lles fai graza como falo.

Túa, súa... non sería máis lóxico que se dixese mía? Pois non!

Isto pasou vai para dous anos, cando, polo traballo de meu pai, viñemos vivir a Galiza. A verdade é que o galego se fixo para min: esvara pola miña lingua e sae da miña boca coa mesma naturalidade que se levase toda a vida falándoo.

Sigo a cometer erros, quen non? Pero moitas veces son intencionados: a verdade é que me encanta facer rir os “miños” compañeiros.



Teño 9 anos. Nacín e vivín en Tarragona ata hai un par de anos. Custoume moito aceptar tantos cambios pero agora estou máis contenta. Gústame moito a música, pintar, debuxar e facer traballos manuais. Sigo aprendendo galego cada día.

A mosca viaxeira

Había unha vez unha mosca que se chamaba Isabel. Era unha mosca castelá, criada preto de Burgos. Vivía nun campo de trigo, preto do camiño de Santiago. Pasaba os días de espiga en espiga, fuxindo dos corvos que querían papala e, de vez en cando, ía acompañar un rabaño de cabras que pastaba por alí.

Un día foi ata a vila coas cabras, e de volta parou a descansar nunha estación de servizo. Repousou un pouquiño na papeleira, e logo botou a voar, con tan mala sorte que entrou dereitiña nun coche que arrancou en dirección oeste. E foi así como fixo o camiño de Santiago.

Cando se abriu a porta, Isabel xa estaba en Compostela. Quedou abraiada pola paisaxe: toda verde, chea de árbores, outeiros, e ríos con tanta auga que xa se podía sentir o fresquiño ao lonxe.

Pensou que non sería un mal sitio para establecerse, pero logo decatouse de que non había por alí trigo nin cabras, e non sabía de que podía traballar.

Así, cavilando, botou a voar en dirección ao Pedroso. Entón viu unha manda de vacas mareas, acompañadas dunha chea de moscas. E alí quedou: emigrada en Galicia.



A Ximena Landeira Lista (Compostela, 2010) gústalle cantar, bailar e tocar a pandeireta. Le bastante e escribe de cando en vez. Tíranlle máis as ciencias.







**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

